
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/80-1
Entidade	CONFRARÍA DA POBRA DO CARAMIÑAL	
Plan explotación⁽¹⁾	SOLÉNIDOS	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	Navalla (<i>Ensis arcuatus</i>)
Ambito do plan	De punta Galduario a punta Corna, e de punta Galduario a punta Peralto
Subzonas de explotación	Cabío (AR-137, AR-138), Raposiños (AR-134), Ribeiriña-Merced (AR-136)

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/personas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
	12	12
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		SI
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
	1	1

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		125										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X				X

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Mergullador enrolado e a bordo/día
Navalla	-	-	15 kg

Artes a empregar	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
-------------------------	--------------------------------------------------------------

Puntos de control	Embarcacións "PRAIA DE RAPOSIÑOS" e "PUNTA COSTADAL"											
Puntos de venda	Lonxa da confraría da Pobra											
Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improditivas												
Zonas:	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Banco de Cabío, de punta Galduario a punta Cornas												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ámbito: A zona de extracción solicitada excede a autorización administrativa da confraría de A Pobra, que ten os seus límites entre punta Galduario e punta Peralto. A praia de Cabío atópase por fóra destes límites, polo que forma parte do libre marisqueo no ámbito territorial da confraría de A Pobra. Establécense 3 zonas de produción:

- Zona 1: Banco de Raposiños
- Zona 2: Banco da Ribeiriña-Merced
- Zona 3: Banco de Cabío (de punta Galduario a punta Cornas)

Os límites da zona 3 quedan fixados entre punta Galduario e punta Cornas, dado que o ámbito do plan de explotación de navalla da confraría de Palmeira esténdese ata punta Cornas.

Participantes: O listado anexo ao plan inclúe un total de 11 embarcacións con 11 mergulladores, cando conforme aos datos desta Consellería o número de embarcación co recurso navalla-longueirón Z3, asociadas á confraría da Pobra do Caramiñal son 12, ás que lles corresponden 12 cotas. Exclúen á embarcación por falla de actividade nos últimos 5 anos. O plan de explotación aprobado para a extracción deste recurso durante o ano 2010, non inclúe réxime sancionador algún, polo que non contempla infraccións ou normas que puideran conlevar a non inclusión no plan do ano seguinte. Por isto, débese incluír a embarcación neste plan de explotación.

Ampliación: Os datos obtidos no seguimento da explotación destes bancos permiten acceder á solicitude de ampliación de 1 embarcación cunha cota. A selección realizarase de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños.

Cotas máximas de captura: A cota máxima de captura queda establecida por mergullador con dereito a cota, debidamente enrolado e a bordo.

Xestión da explotación: Traballarase de xeito alternativo rotando os bancos de autorización co de libre marisqueo, de xeito que os meses que estean abertos os bancos da autorización, pechará o de libre marisqueo e viceversa

Puntos de control: Establécense nas zonas de produción, nas embarcacións de vixilancia da confraría, onde se controlan os cupos e tallas. Os responsables deste control son os vixiantes da



confraría. No caso de que os vixiantes non puidesen acudir ao control, realizarase na embarcación do xefe de equipo recaendo sobre este a responsabilidade. O paso polo punto de control é obrigatorio para todos os integrantes deste plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.*

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Horario: Apróbase o horario proposto de dúas horas antes a dúas horas despois da baixamar ata as 17'00 h, para a extracción na modalidade de apnea. O horario no caso de que se autorice o mergullo con subministro de aire dende superficie será o establecido no Decreto 424/93 para o marisqueo dende embarcación, é dicir de 8'00 a 14'00 horas.

Mergullo: Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

Plan de seguridade: Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**

Plan de control: No caso particular do **emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente,** considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os topes de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose **un ticket nominativo.**

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.